

ACTA NÚMERO: 05/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 8 de febreiro de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: D. José Carlos López Campos, Deputado do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Técnico de Administración Xeral da Secretaría.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio
- Dona Fátima Monteagudo Pereira, Técnica de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 1 de febreiro de 2024 (Reunión 4/2024).
2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Eze Mosquera Events, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para contratación do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional "O Gran Camiño". (Expte.- 2023071705)
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da "Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra". (Expte.- 2023055648).
4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de copia de seguridade na nube (Expte. 2023037975)
5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a Subministración e instalación de proxectores led para o campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe (Expte. 2023062948)
6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra ORAL, así como a súa posterior entrega ao operador postal. (Expte.- 2023059720).
7. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra ORAL así como a súa posterior entrega ao operador postal. (Expte.- 2023059720).
8. Avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes de adhesión ao sistema dinámico de adquisición aprobado para racionalizar a contratación da adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra (Expte. 2023051458).
9. Avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes de adhesión ao sistema dinámico de adquisición aprobado para racionalizar a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte. 2023065088)

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Ortega Iñarrea,



Deputada do grupo provincial do BNG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 1 de febreiro de 2024 (Reunión 4/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 1 de febreiro de 2024 (Reunión 4/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Eze Mosquera Events, S.L. para optar á adjudicación do procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para contratación do patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional “O Gran Camiño”. (Expte.- 2023071705).

Por acordo da Xunta de Goberno, en sesión de data 30 de xaneiro de 2024 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, da empresa, Eze Mosquera Events, S.L. para o patrocinio deportivo da proba ciclista “O Gran Camiño”.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar á empresa Eze Mosquera Events, S.L. (B70351341), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 30/01/2024.

A empresa Eze Mosquera Events, S.L. (B70351341), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe sen IVE	110.000,00 €
IVE 21%	23.100,00 €
Importe total ofertado	133.100,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Eze Mosquera Events, S.L. (B70351341), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio deportivo da proba ciclista “O Gran Camiño”.



3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da “Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra”. (Expte.- 2023055648).

A Mesa de Contratación, na reunión do 01/02/2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, e dos sobres “B”, correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos (fórmulas), do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra., sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602)
- KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.L. (A81069197)

As ofertas presentadas foron as seguintes:

INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602)

- Prezo ofertado

Prezo ofertado sen IVA: 165.750,00 €

IVE (21%): 34.807,50 €

Prezo ofertado total: 200.557,50 €

KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.L. (A81069197)

- Prezo ofertado

Prezo ofertado sen IVA: 160.080,00 €

IVE (21%): 33.616,80 €

Prezo ofertado total: 193.696,80 €

Unha vez analizadas as ofertas, obsérvase que o licitador KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.A. (A81069197) sinala o seguinte respecto da súa oferta:

“Oferta válida exclusivamente ata o día 31/01/2024. Posteriormente a esta data, non se poderá subministrar novas licenzas deste produto, xa que o propio fabricante discontinúa a súa venda e subministro en dita data”.



Ante este feito a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.A. (A81069197) mediante notificación electrónica para que, no prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ó do seu envío, remita escrito reafirmándose no seu prezo ofertado ou, pola contra, retirando a súa oferta do procedemento.
- 2) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta.

4. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de copia de seguridade na nube (Expte. 2023037975).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de goberno nº 10.3315 de data 10/11/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de copia de seguridade na nube para a Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 16/11/2023 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de novembro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do 28/12/2023, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- ASPA CLOUD S.L. (ASPA) (B47390687)
- INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L. (B62758602)
- EDNON S.L. (B36938009)
- ALTIA CONSULTORES S.A. (A15456585)
- OMEGA PERIPHERALS S.L.(B60343076)

Na mesma sesión, o Secretario da Mesa de Contratación accedeu á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procedeu á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías, para que avaliase e ponderase as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento. O servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra remitíu informe, de data 24/01/2024, co csv 9EY5T89RQTASZ4W7, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes.



CRITERIOS	MÁXIMO	ALTIA	ASPA	EDNON	IPM	OMEGA
Arquitectura da solución proposta	20,00	17,00	5,00	19,00	14,00	14,00
Modelo de xestión do servizo	12,00	8,00	5,00	10,00	10,00	6,00
Plan de implantación e posta en marcha do servizo	8,00	7,00	5,00	7,00	7,00	5,00
TOTAIS	40,00	32,00	15,00	36,00	31,00	25,00

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 24/01/2024, á vista do exposto no devandito informe emitido por Novas Tecnoloxías, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ao procedemento aberto convocado para dita contratación, e propor ao órgano de contratación a exclusión do licitador ASPA CLOUD S.L., por non chegar ao mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

Na reunión do día 24 de xaneiro de 2024 o Secretario da Mesa de Contratación accedei á plataforma de licitación electrónica VORTAL mediante as súas claves persoais, e procedeu á descriptación e descarga da documentación do sobre "C" correspondente á documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

Os valores ofertados polas empresas, foron os seguintes:

ALTIA CONSULTORES S.A. (A-15456585)

1. Prezo ofertado por GB de almacenamento bruto en orixe a apoiar:

UNIDADE DE ALMACENAMENTO	IMPORTE OFERTADO (co IVE)
1 GB	0,19€

Nota: O importe máximo mensual ofertado co IVE, por GB de almacenamento bruto en orixe é de: 0,25 € (co IVE)

2. Definición do grao do CPD asociado á prestación do servizo:
- Grado TIER certificado ou equivalente para o CPD principal:
TIER 3 TIER 4 .
 - Achégase un CPD de respaldo para o principal: SI NON



EDNON S.L. (B-36938009)

1. Prezo ofertado por GB de almacenamento bruto en orixe a apoiar:

UNIDADE DE ALMACENAMENTO	IMPORTE OFERTADO (co IVE)
1 GB	0,15€

Nota: O importe máximo mensual ofertado co IVE, por GB de almacenamento bruto en orixe é de: 0,25 € (co IVE)

2. Definición do grao do CPD asociado á prestación do servizo:
- a. Grado TIER certificado ou equivalente para o CPD principal:
TIER 3 TIER 4 .
- b. Achégase un CPD de respaldo para o principal: SI NON

INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SLU (B-62758602)

1. Prezo ofertado por GB de almacenamento bruto en orixe a apoiar:

UNIDADE DE ALMACENAMENTO	IMPORTE OFERTADO (co IVE)
1 GB	0,1394€

Nota: O importe máximo mensual ofertado co IVE, por GB de almacenamento bruto en orixe é de: 0,25 € (co IVE)

2. Definición do grao do CPD asociado á prestación do servizo:
- a. Grado TIER certificado ou equivalente para o CPD principal:
TIER 3 TIER 4 .
- b. Achégase un CPD de respaldo para o principal: SI NON

OMEGA PERIPHERALS S.L. (B-60343076)

1. Prezo ofertado por GB de almacenamento bruto en orixe a apoiar:

UNIDADE DE ALMACENAMENTO	IMPORTE OFERTADO (co IVE)
1 GB	0,16€

Nota: O importe máximo mensual ofertado co IVE, por GB de almacenamento bruto en orixe é de: 0,25 € (co IVE)



2. Definición do grao do CPD asociado á prestación do servizo:
- a. Grado TIER certificado ou equivalente para o CPD principal:
TIER 3 TIER 4 . (*)

b. Achégase un CPD de respaldo para o principal: SI NON

(*)Non achega certificado acreditativo do Tier 4

Con data 5 de febreiro de 2024 efectuouse ás valoracións das ofertas económicas, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas, emitindo un informe de puntuacións totais das ofertas presentadas (csv: YY779WRC4YLQPUGS), obtendo as empresas admitidas as seguintes puntuacións.

PUNTOS	ALTIA CONSULTORES	EDNON	IPM	OMEGA
PRECIO	21,61	36,1	40,00	32,42
Certificado TIER	15,00	12,00	12,00	0*
CPD	5,00	5,00	5,00	0
TOTAL SOBRE C	41,61	53,1	57,00	32,42

(*)Non achega certificado TIER

As puntuación totais do sobre "B" máis o sobre "C" foron as seguintes:

EMPRESAS	SOBRE B	SOBRE C	TOTA B+C
EDNON	36	53,10	89,1
IPM	31	57	88
ALTIA	32	41,61	73,61
OMEGA	25	32,42	57,42

Polo exposto, a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Propor a exclusión da empresa ASPA CLOUD S.L. por non chegar ao mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor
- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de copia de seguridade na nube, que quedan da seguinte forma:

Clasificación	Licitador	Puntuacións
1º	EDNON	89,1
2º	IPM	88
3º	ALTIA CONSULTORES	73,61
4º	OMEGA	57,42



- 3) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a empresa EDNON S.L. (B-36938009).

5. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a Subministración e instalación de proxectores led para o campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe (Expte. 2023062948).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2023009727 de data 18 de decembro de 2023 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración e instalación de proxectores LED para o campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de decembro de 2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 4 de xaneiro de 2024 procedeu á apertura dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, aportada polas empresas licitantes ao procedemento convocado para a contratación da “Subministración e instalación de proxectores LED para o campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe”.

As empresas presentadas foron as seguintes:

- ACELEC INSTALACIONES ELECTRICAS, S.L. (NIF: B36955763)
- FORMATESA LALIN SL (NIF: B36548873)
- INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA SLU (NIF: B36469625)
- INTEGRAL IKERLEC VIGO, S.L. (NIF: B27715291)
- INVEMAT LEVANTE SL (B73800633)
- TÉCNICAS APLICADAS AL MEDIO RURAL, S.L. (B14505986)
- VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L. (B87577102)

Os valores ofertados foron os seguintes:

ACELEC INSTALACIONES ELECTRICAS, S.L. (NIF: B36955763)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	60.180,00 €
IVE (21 %):	12.637,80 €
Importe total ofertado:	72.817,80 €



2. Redución do prazo máximo de instalación:

Prazo de instalación ofertado	Sinalar cun X
6 semanas (redución máxima do prazo permitida)	X
7 semanas	
8 semanas	
9 semanas	
10 semanas (sendo este o prazo esixido no PPT)	

FORMATESA LALIN SL (NIF: B36548873)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	63.367,62 €
IVE (21 %):	13.307,20 €
Importe total ofertado:	76.674,82 €

2. Redución do prazo máximo de instalación:

Prazo de instalación ofertado	Sinalar cun X
6 semanas (redución máxima do prazo permitida)	X
7 semanas	
8 semanas	
9 semanas	
10 semanas (sendo este o prazo esixido no PPT)	

INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA SLU (NIF: B36469625)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	62.802,46 €
IVE (21 %):	13.188,52 €
Importe total ofertado:	75.990,98 €

2. Redución do prazo máximo de instalación:

Prazo de instalación ofertado	Sinalar cun X
6 semanas (redución máxima do prazo permitida)	X
7 semanas	
8 semanas	
9 semanas	
10 semanas (sendo este o prazo esixido no PPT)	

INTEGRAL IKERLEC VIGO, S.L. (NIF: B27715291)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	62.330,00 €
IVE (21 %):	13.089,30 €
Importe total ofertado:	75.419,30 €



2. Redución do prazo máximo de instalación:

Prazo de instalación ofertado	Sinalar cun X
6 semanas (redución máxima do prazo permitida)	X
7 semanas	
8 semanas	
9 semanas	
10 semanas (sendo este o prazo esixido no PPT)	

INVEMAT LEVANTE SL (B73800633)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	56.770,00 €
IVE (21 %):	11.921,70 €
Importe total ofertado:	68.691,70 €

2. Redución do prazo máximo de instalación:

Prazo de instalación ofertado	Sinalar cun X
6 semanas (redución máxima do prazo permitida)	X
7 semanas	
8 semanas	
9 semanas	
10 semanas (sendo este o prazo esixido no PPT)	

TÉCNICAS APLICADAS AL MEDIO RURAL, S.L. (B14505986)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	54.231,33 €
IVE (21 %):	11.388,58 €
Importe total ofertado:	65.619,91 €

2. Redución do prazo máximo de instalación:

Prazo de instalación ofertado	Sinalar cun X
6 semanas (redución máxima do prazo permitida)	
7 semanas	
8 semanas	
9 semanas	
10 semanas (sendo este o prazo esixido no PPT)	X

VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L. (B87577102)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	61.900,00 €
IVE (21 %):	12.999,00 €
Importe total ofertado:	74.899,00 €



2. Redución do prazo máximo de instalación:

Prazo de instalación ofertado	Sinalar cun X
6 semanas (redución máxima do prazo permitida)	X
7 semanas	
8 semanas	
9 semanas	
10 semanas (sendo este o prazo esixido no PPT)	

Considerando que de acordo co establecido no apartado 4. da cláusula 7.d do prego de cláusulas económico-administrativas particulares se esixe a presentación de documentación con información suficiente das luminarias a subministrar e un estudo luminotécnico do terreo, a Mesa de Contratación, na reunión do día 4 de xaneiro de 2024, acordou trasladar esta documentación ao persoal técnico do servizo de Arquitectura, para que procedan ao estudo da mesma a fin de comprobar a conformidade ou non desta co esixido no prego de prescricións técnicas.

Con data 7 de febreiro de 2024, os técnicos do Servizo de Arquitectura emiten informe (CSV H3RW9FEJGLW4G1X0) relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitantes, concluíndo que:

“Tal e como se reflicte no PPT as empresas deberán ter en consideración as prescricións técnicas mínimas indicadas nas bases técnicas, e para estes efectos, dar cumprimento aos requirimentos de documentación establecidos. Á vista disto, considérase:

- *Se ben, varios dos modelos, de diferentes marcas, de proxectores e luminarias cumpren, en liñas xerais, os requisitos técnicos reflectidos nas bases técnicas que rexen o contrato de subministración e instalación de alumeado LED no Campo de Fútbol do Centro Príncipe Felipe, non obstante, únicamente á empresa INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA, SLU, presenta unha oferta na que todos os produtos son equivalentes aos reflectidos no PPT;*
- *Solo as empresas INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA, SLU, e INVEMAT LEVANTE SL achegan documentación completa requirida no apartado 9 das bases técnicas, que permite comprobar o efectivo cumprimento dos requisitos técnicos esixidos;”*

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, procédese a efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

	Menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 70 puntos	Redución do prazo máximo de instalación, ata un máximo de 30 puntos	TOTAL Puntuación SOBRE ÚNICO (Ata un máx. de 100 puntos)
INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA SLU (NIF: B36469625)	39,674 puntos	30,000 puntos	69,674 puntos



A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor, ao órgano de contratación, excluír do procedemento as ofertas presentadas polas seguintes empresas, por non axustarse a documentación técnica presentada polas mesmas ao esixido no prego de prescricións técnicas:
 - ACELEC INSTALACIONES ELECTRICAS, S.L. (NIF: B36955763)
 - FORMATESA LALIN SL (NIF: B36548873)
 - INTEGRAL IKERLEC VIGO, S.L. (NIF: B27715291)
 - INVEMAT LEVANTE SL (B73800633)
 - TÉCNICAS APLICADAS AL MEDIO RURAL, S.L. (B14505986)
 - VALDONAIRE SOLUCIONES TÉCNICAS S.L. (B87577102)
2. Aprobar a clasificación da oferta presentada pola empresa admitida no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación desta subministración, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA SLU (NIF: B36469625)	69,674 puntos

3. Propor ao órgano de contratación a adjudicación do procedemento convocado para a contratación da “Subministración e instalación de proxectores LED para o campo de fútbol do Centro Príncipe Felipe” á empresa INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA SLU (NIF: B36469625), por alcanzar esta a maior puntuación, conforme ao seguinte detalle:

INSTALACIONES ELECTRICAS TERCA SLU (NIF: B36469625)

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 62.802,46 €

IVE (21 %): 13.188,52 €

Importe total ofertado: 75.990,98 €

2. Redución do prazo máximo de instalación:

Prazo de instalación ofertado	Sinalar cun X
6 semanas (redución máxima do prazo permitida)	X
7 semanas	
8 semanas	
9 semanas	
10 semanas (sendo este o prazo esixido no PPT)	

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adjudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, que está debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.



4. Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirllle a empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, contados desde o envío da comunicación, presente o resto de documentación esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:
 - Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.
 - Documento que acredite a constitución da garantía definitiva polo importe de 3.140,12 €.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirllle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadarlle a mesma documentación á ou ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas

6. ***Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra ORAL, así como a súa posterior entrega ao operador postal. (Expte.- 2023059720).***

O Presidente decide retirar o asunto da orde do día para un mellor estudo.

7. ***Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra ORAL así como a súa posterior entrega ao operador postal. (Expte.- 2023059720).***

O Presidente decide retirar o asunto da orde do día ao non efectuarse as valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, deste procedemento aberto.

8. ***Avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes de adhesión ao sistema dinámico de adquisición aprobado para racionalizar a contratación da adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra (Expte. 2023051458).***

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.



O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 18 de decembro de 2023, aparecendo publicado o día 20 de decembro de 2023 (Número de publicación do anuncio 00774219-2023; número da edición do DO S: 245/2023); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 decembro de 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos no prego, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no mesmo.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

As empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:

1. Ankara City Tres, S. L. (Nif: B85679884)
2. Blinker, S.A.U. (Nif: A03813474)
3. Construdeco Norte SI (Nif: B27193762)
4. Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (Nif: B36916377)
5. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002)
6. Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988)
7. Ebos Ramon Agolada S.L. (Nif: B27469741)
8. Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820)
9. Gsi Dotacion Industrial, S.L. (Nif: B36352235)
10. Peycar Pontevedra, S.L. (Nif: B36112043)
11. Rafitextil Dtt 3.8 SI (Nif: B14546980)
12. Suministros Industriales Incomer SI (Nif: B87442570)
13. Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539)
14. Würth España, S.A. (Nif: A08472276)

O Secretario da Mesa de Contratación informa que unha vez avaliada a documentación presentada por cada unha das empresas na solicitude de adhesión obsérvase que as empresas *Construdeco Norte SI (Nif: B27193762)*, *Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (Nif: B36916377)*, *Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002)*, *Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988)*, *Ebos Ramon Agolada S.L. (Nif: B27469741)*, *Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820)*, *Gsi Dotacion Industrial, S.L. (Nif: B36352235)*, *Peycar Pontevedra, S.L. (Nif: B36112043)*, *Suministros Industriales Incomer SI (Nif: B87442570)*, *Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539)*, e *Würth España, S.A. (Nif: A08472276)*, non achegan correctamente a documentación correspondente ao referido sobre electrónico, segundo o establecido na cláusula 8.d do



prego económico-administrativo. Por este motivo, requíreselle para que, no prazo improrrogable de dez días naturais, acheguen a documentación solicitada.

Finalizado este prazo as empresas *Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L.* (Nif: B36916377), *Costa Oeste del Atlantico, S.L.* (Nif: B36946002), *Dress-Work, S.L.U.* (Nif: B97359988), *Ebos Ramon Agolada S.L.* (Nif: B27469741), *Eugenio Ales Llamas, S.A.* (Nif: A41028820), *Gsi Dotacion Industrial, S.L.* (Nif: B36352235), *Peycar Pontevedra, S.L.* (Nif: B36112043), *Suministros Industriales Incomer SI* (Nif: B87442570), *Suministros Punto Fijo S.L.* (Nif: B27815539), e *Würth España, S.A.* (Nif: A08472276) presentan a documentación solicitada.

A empresa Construdeco Norte SI (Nif: B27193762) non atende ao requerimento efectuado polo que non queda acreditada a súa solvencia económica e técnica.

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Propoñerlle ao órgano de contratación que non admita nas categorías I e II do sistema dinámico de adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra á empresa Construdeco Norte SI (Nif: B27193762) por non ter acreditado que cumpra cos criterios de selección establecidos no prego.
- 2) Seleccionar ás seguintes empresas por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas seguintes categorías do Sistema dinámico de adquisición de vestiario para o Persoal da Deputación de Pontevedra:
 1. Ankara City Tres, S. L. (Nif: B85679884), categoría I e II.
 2. Blinker, S.A.U. (Nif: A03813474), categoría I e II.
 3. Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (Nif: B36916377), categoría I.
 4. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002), categoría I e II.
 5. Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988), categoría I e II.
 6. Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820), categoría I e II.
 7. Peycar Pontevedra, S.L. (Nif: B36112043), categoría I.
 8. Rafitextil Dtt 3.8 SI (Nif: B14546980), categoría I e II.
 9. Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539), categoría I e II.
 10. Würth España, S.A. (Nif: A08472276), categoría I.
 11. Ebos Ramon Agolada S.L. (Nif: B27469741), categoría I.
 12. Gsi Dotacion Industrial, S.L. (Nif: B36352235), categoría I.
 13. Suministros Industriales Incomer SI (Nif: B87442570), categoría I e II.
- 3) Que, no caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I: Vestiario laboral e equipos de protección individual.

1. Ankara City Tres, S. L. (Nif: B85679884)
2. Blinker, S.A.U. (Nif: A03813474)
3. Comercial Integral Especialistas Suministros, S.L. (Nif: B36916377)
4. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002)
5. Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988)
6. Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820)
7. Peycar Pontevedra, S.L. (Nif: B36112043)



8. Rafitextil Dtt 3.8 SI (Nif: B14546980)
9. Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539)
10. Würth España, S.A. (Nif: A08472276)
11. Ebos Ramon Agolada S.L. (Nif: B27469741)
12. Gsi Dotacion Industrial, S.L. (Nif: B36352235)
13. Suministros Industriales Incomer SI (Nif: B87442570)

Categoría II: Uniformidades e complementos

1. Ankara City Tres, S. L. (Nif: B85679884)
2. Blinker, S.A.U. (Nif: A03813474)
3. Costa Oeste del Atlantico, S.L. (Nif: B36946002)
4. Dress-Work, S.L.U. (Nif: B97359988)
5. Eugenio Ales Llamas, S.A. (Nif: A41028820)
6. Rafitextil Dtt 3.8 SI (Nif: B14546980)
7. Suministros Punto Fijo S.L. (Nif: B27815539)
8. Suministros Industriales Incomer SI (Nif: B87442570)

9. *Avaliación das candidaturas presentadas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes de adhesión ao sistema dinámico de adquisición aprobado para racionalizar a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (Expte. 2023065088).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2023, aprobou o expediente para establecer un “Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade”, acordando o inicio da fase I de selección de candidatos.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 5 de xaneiro de 2024, aparecendo publicado o día 8 de xaneiro de 2024 (Número de publicación do anuncio 00011200-2024; número da edición do DO S: 5/2024); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xaneiro de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL.

Conforme o prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos no prego, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no mesmo.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

As empresas que presentan as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:



1. Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593), categoría I, II e IV
2. Cofocyl, S.L. (Nif: B47432794), categoría III
3. Nutrinieto S.L.U. (Nif: B94088457), categoría IV
4. Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298), categoría I, II, III e IV.

O Secretario da Mesa de Contratación informa que unha vez avaliada a documentación presentada por cada unha das empresas na solicitude de adhesión obsérvase que todas as empresas achegan correctamente a documentación correspondente ao referido sobre electrónico, segundo o establecido na cláusula 8.d do prego económico-administrativo.

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Seleccionar ás seguintes empresas por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade:
 - Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593), categoría I, II e IV
 - Cofocyl, S.L. (Nif: B47432794), categoría III
 - Nutrinieto S.L.U. (Nif: B94088457), categoría IV
 - Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298), categoría I, II, III e IV.
- 2) Que, no caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I, Mesturas de materias primas:

- Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298)

Categoría II, Pensos ensacados.

- Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298)

Categoría III, Forraxes: palla, alfalfa, veza.

- Cofocyl, S.L. (Nif: B47432794)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298)

Categoría IV, Penso mineral complementario.

- Aira S.Coop.Galega (Nif: F27317593)
- Nutrinieto S.L.U. (Nif: B94088457)
- Severiano Agrocomercial S.L.U. (Nif: B15790298)

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

